



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. Fiscaliz. e Control Financ. Sec. Control II

Aceptación da delegación de competencias na Deputación da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Cee

ANUNCIO

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria celebrada o 30 de outubro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“ Aprobación da aceptación da delegación de competencias na Deputación da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Cee.

PRIMEIRO: Aceptar a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas polo Concello de Cee.

SEGUNDO: Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes.

Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

TERCEIRO: Publicar o acordo, no seu caso adoptado polo Pleno provincial, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

CUARTO: A delegación das competencias entrará en vigor unha vez sexa publicado o acordo definitivo no Boletín oficial da provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes da provincia, aprobadas para o efecto por esta Deputación provincial.”

O que se fai público para xeral coñecemento

O presidente en funcións,
Xosé Regueira Varela

O secretario,
José Luis Almau Supervía

2020/8215